

TEMA 15- A REVOLUCIÓN GLORIOSA E A CONSTITUCIÓN DE 1869¹

ORIENTACIÓNS DA PAU: Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá referirse ás causas deste proceso revolucionario, así como ao seu desenvolvemento posterior (alianzas políticas, programa revolucionario...), até chegar á formación dun Goberno Provisional e ás medidas levadas a cabo por este, facendo fincapé na constitución de 1869 e nas súas características. Aínda que a monarquía de Amadeo de Savoia non sexa obxecto de comentario, pode facerse unha referencia breve á mesma para explicar as consecuencias da Revolución.

Os documentos obxecto de comentario farán referencia a

- o proceso revolucionario de 1868
- as medidas implementadas polo goberno provisional
- a constitución de 1869.

A **Revolución Gloriosa** foi a sublevación militar e popular da España de 1868 contra Sabela II, e que deu lugar ao inicio do período coñecido como **Sexenio Democrático** (1868-74), así chamado por aplicarse algunhas das ideas que defendía o liberalismo democrático. Adoita dividirse en tres etapas:

- 1) Goberno Provisional (1868-71)
- 2) Reinado de Amadeo I (1871-73)
- 3) Primeira República Española (1873-1874)

1. CAUSAS DO PROCESO REVOLUCIONARIO

O reinado de Sabela II vai ir acumulando unha serie de procesos e dinámicas que van esgotar o seu modelo de goberno e reinado. A isto súmanse elementos de carácter económico e social que alimentan a Revolución de 1868. Podemos distinguir as seguintes causas:

- **Crise económica:** Existía un grave problema de subsistencia debida ás malas colleitas e incremento dos prezos dos alimentos. Crise dos ferrocarrís que provoca unha crise financeira (na Bolsa) e industrial (Paro obreiro)
- **Crise social:** causada polo descontento das clases medias e das masas populares ante o dominio das clases acomodadas. O sufraxio censatario imposibilitaba a participación política da maioría da poboación. A crise social viuse agravada pola carestía de alimento.
- **Crise política:** Por un lado, a preferencia da raíña polos liberais moderados e a alternancia coa Unión Liberal do último período do seu reinado deixa fóra do xogo político a progresistas e demócratas e republicanos. Os gobernos era dirixidos polos *espadóns* con formas cada vez máis autoritarias; pechan as Cortes e gobernan por decreto lei.

O período 1866-1868 é coñecido como **Bienio Ultramoderado**. O'Donnell (Unión Liberal) remata expatriado a Francia onde morre en 1867. No seu lugar, asume a presidencia do goberno Narváez que a exerce dunha forma case ditatorial tratando de conter a avalancha de forzas opositoras. Nestes anos prodúcense diversos pronunciamentos, todos fracasados, dos que destaca o do Cuartel de San Gil en Madrid (1866) onde son fusilados 66 militares.

No exilio, progresistas e demócratas, dirixidos por Prim, acordan reunir as súas forzas para

¹ O texto ten como base o material de Miguel Abaira, o manual de Historia de España da editorial Baía e está complementado co do IES San Rosendo de Mondoñedo <https://somohistoriaconmiguelabaira.blogspot.com/2021/02/para-que-serven-estes-apuntes.html>.

derrocar á raíña no Pactos de Ostende (1866) e Bruxelas (1867).

Sumado a esta situación, o prestixio da monarquía, de Sabela II e dos Borbóns, é nula (como na sátirica e irreverente publicación *Borbones en pelota*, atribuída aos irmáns Bécquer).

Estes problemas foron unindo á oposición (liberais progresistas e liberais democráticos) que, dirixidos desde o exilio polo xeneral Prim, asinan o Pacto de Ostende en 1866. Neste pacto, acordaban unir as súas forzas para conseguir expulsar á raíña Sabela II e elixir por Sufraxio Universal (masculino) unhas Cortes para elaborar unha nova Constitución, así como decidir entre monarquía ou república como forma de goberno. Un ano máis tarde asinarán o Pacto de Bruxelas onde se suman compoñentes da Unión Liberal.

2. A REVOLUCIÓN DE 1868

En setembro de 1868, estas forzas protagonizan a Revolución de 1868, tamén chamada “Gloriosa” ou “Setembrina”. A revolución iniciouse co pronunciamento en Cádiz do almirante Topete e os xenerais Serrano e Prim. Antes de rematar o mes de setembro, o xeneral Serrano triunfaba na batalla de Alcolea (Granada) sobre as forzas gobernamentais. O pronunciamento militar vese acompañado dunha revolta de signo popular en multitude de cidades onde se constituían xuntas revolucionarias. Estas xuntas reclamaban cambios drásticos en liña co liberalismo democrático, como:

- 1) Soberanía nacional e sufraxio universal masculino
- 2) Liberdade de prensa, de ensino, de asociación e de culto
- 3) Abolición do imposto de consumos e da redención de quintas (pagos para librar do servizo militar) etc.

Ao berro de “España con honra” e “Abajo los Borbones”, e sen apenas oposición, lógrase expulsar do trono a Sabela, que se atopaba de veraneo en Donosti. O 30 de setembro marcha ao exilio a Francia. Comeza así o Sexenio Democrático.

A revolución está dirixida por unha alianza entre progresistas e unionistas coa aprobación dos demócratas. Alén dos militares, destaca a presenza de civís da burguesía e a clase media, o que lle outorga un elemento diferencial respecto doutros pronunciamentos: é unha revolta militar, mais tamén social. Estas alianzas, que buscan derrocar á raíña, non acabar cun goberno determinado, baixo o ideario demócrata presentan intereses enfrontados:

- Os políticos, militares e sectores burgueses máis acomodados buscaban romper o bloqueo que impedía aos progresistas gobernar e atopar unha saída á crise económica.
- As capas populares defenden os ideais revolucionarios do partido demócrata e os intereses das clases medias e traballadoras. Estes sectores acabaron sendo derrotados.

3. GOBERNO PROVISIONAL

Créase a partir dese momento un Goberno Provisional presidido polo xeneral Serrano e formado por unha mestura de progresistas, demócratas e membros da Unión Liberal. As primeiras medidas que toman son as seguintes:

- 1) Controlar a revolución disolvendo as xuntas e recobrando o poder fronte as propostas dos máis revolucionarios.

- 2) Estabelecer liberdades democráticas (liberdade de ensino, de imprenta) e algunhas peticións populares (promesa de suprimir os consumos).
- 3) Medidas económicas como a creación da peseta, lei de base mineira e políticas librecambistas.
- 4) A principal medida foi a de convocar, en 1869, eleccións a Cortes Constituíntes, xa con sufraxio universal masculino por vez primeira en España.

Este é un tempo convulso onde xorden as primeiras mobilizacións obreiras e revoltas populares polo descontento das medidas do goberno provisional. O goberno provisional estará conformado por progresistas e unionistas e as xuntas revolucionarias serán ocupadas por demócratas. Esta diferenciación conseguirá afianzar a opción republicana dentro do partido.

Unha vez elixidas, as Cortes, segundo o acordado no Pacto de Ostende, debían:

- 1) Escoller o sistema de goberno que tería España (gañaron os partidarios da monarquía)
- 2) Comezar a redacción dunha nova Constitución para a nova monarquía democrática.

4. CONSTITUCIÓN DE 1869

Os resultados electorais deron maioría ás opcións monárquicas (progresistas, unionista e parte dos demócratas). Con todo, os republicanos obtiveron unha representación notable alén de grupos máis minoritarios como carlistas ou isabelinos.

Tras dous meses de debates, a nova constitución foi promulgada en xuño de 1869. Unha constitución que recollía principios do liberalismo democrático:

- 1) Monarquía como forma de goberno limitando o poder do rei en relación ao das Cortes.
- 2) Soberanía nacional de base popular: o poder reside nas Cortes, elixidas por sufraxio universal masculino
- 3) División de poderes. O rei exercía o poder executivo a través dos seus ministros, que eran responsables ante as Cortes; sancionaba e promulgaba as leis sen capacidade de vetalas e tiña a potestade de suspender e disolver as Cortes, pero unha soa vez por lexislatura.
- 4) Cortes bicamerais formadas por Senado e Congreso, con iguais atribucións, elixidos por sufraxio universal masculino (directo no caso do Congreso e indirecto para o Senado).
- 5) O poder xudicial estaba nas mans dos tribunais formados por xuíces nomeados a través dun sistema de oposicións, e xurados con participación popular.
- 6) Estado aconfesional por vez primeira, con liberdade de culto.
- 7) Recoñecemento de dereitos e liberdades moi amplos e por vez primeira para a poboación (sufraxio universal masculino, libre expresión, libre reunión e libre asociación).

5. REXENCIA DE SERRANO E REINADO DE AMADEO I

O período que media entre a aprobación da Constitución e a chegada do novo monarca é un tempo convulso: En Cuba iníciase unha insurrección a favor da independencia da illa; os republicanos federais sublévanse en varios puntos de España; o proceso de procura de rei non foi doado.

O novo monarca non podía ser un Borbón. Tiña que ser liberal para aceptar a constitución. Tiña que ser católico como os españois e aceptado en Europa. A labor do xeneral Prim logra convencer a unha maioría dos deputados nas Cortes para elixir a Amadeo de Savoia. A opción da República Federal como segunda opción máis votada.

Amadeo, fillo do rei de Italia, acepta e iníciase así a “monarquía democrática” de Amadeo I. Pero desde o primeiro momento, Amadeo atopou dificultades varias que o levaron a renunciar pronto:

- 1) O asasinato de Prim, o seu principal valedor, xusto antes de chegar a España.
- 2) A falta xeral de apoio: do pobo (que vía nel un estranxeiro e o alcumou don Macarrone I); da nobreza, dos sabelinos e dos carlistas (porque non era un Borbón); da Igrexa (por liberal); e por suposto tamén dos republicanos (que non querían un rei).
- 3) As dúas guerras do momento: de independencia en Cuba e a terceira Guerra Carlista.
- 4) A axitación social do movemento obreiro e a oposición republicana.
- 5) E sobre todo a inestabilidade dos gobernos de coalición (progresistas, demócratas e unionistas gobernaban xuntos) con continuas disputas entre os diferentes partidos, 3 eleccións e 6 gobernos diferentes en apenas 2 anos.

Así, o 11 de febreiro de 1873, apenas 2 anos despois da súa chegada, renuncia ao trono cunha carta á nación, na que se queixa do ingobernable que resulta o país.

Tras esta renuncia, e coa república como segunda opción máis votada o día da elección de Amadeo, esa mesma tarde do 11 de febreiro de 1873, Congreso e Senado proclaman a República que durará apenas 2 anos. Finalizada a I República rematou tamén o Sexenio Democrático dando paso á Restauración Borbónica.